




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquia: Santo Estevo de Noalla. Extensión: 0,77km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha unidade de cabeceira pero moi próxima á costa e con relevo pouco contrastado. Este pequeno val fluvial ocúltase ao fronte costeiro por un cambio de dirección derivado dunha fractura que discorre de Oeste a Leste. O tramo final do río, que desemboca na Praia de Magor, ten orientación case meridiana. Configúrase un val disimétrico e estreito, sen fondo plano subliñable. A vertente sur achega unha pendente maior, unha inclinación máis abrupta, cun contacto brusco co fondo da canle e valores porcentuais que, en ocasións, superan o 50%. Con todo, a vertente norte do val é unha superficie alombada que descende gradualmente e con pendentes que, xeralmente, non superan o 10%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade circunscribe ao Complexo de Cabo de Home- A Lanzada, con materiais metamórficos que se formaron desde o Precámbrico ao Silúrico. Trátase en concreto de micaesquistos, cuarzosquistos e paragneises. Nas elevacións do leste da unidade aparecen algúns enclaves plutónicos, en concreto dun granito con feldespato alcalino. Con respecto ao Cuaternario, estamos nunha conca complexa, na que ademais dos materiais aluviais e coluviais do Rego de Souto, aparecen terrazas antigas e conos torrenciais, incluíndose probablemente sedimentos pleistocenos e holocenos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Condições climáticas homoxéneas en toda a unidade debido á proximidade ao mar e a ausencia de elementos orográficos contrastados. As temperaturas son suaves con medias térmicas anuais por encima de 15°C (cunha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C), e as precipitacións moderadas, entre 1200mm e 1400mm ao ano, polo que se define un ambiente climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Secuencia topográfica de solos en relación coa pendente, desde as terras máis profundas e fértiles de fondo de val (fluvisoles) nas veigas do Rego do Souto do extremo occidental da unidade, ata os solos de vertente menos desenvolvidos e de escaso espesor propios das ladeiras e partes altas da conca. Neste sentido, os tramos de maior pendente presentan umbrisoles dístricos e regosoles, mentres que en menores desniveis, aparecen solos tipo cambisol eútrico, con abundancia da fracción fina nos seus horizontes como consecuencia da natureza esquistosa do substrato rochoso. Precisamente o dominio de materiais arcillosos e a presenza de auga, poden favorecer localmente o asolagamento dos solos e a aparición de fenómenos de gleificación nos perfís.

AS AUGAS

O curso alto do Rego do Souto forma unha pequena conca entre os altos de Pena Cruva, Cruceiro do Faro e O Vieiro. Os regatos tributarios que verten a el teñen escasa significación.

O PATRIMONIO NATURAL

Non existen grandes valores naturais nesta unidade. Non conta con figura de protección algunha e o interese céntrase no curso fluvial polo que a cuberta vexetal atópase totalmente transformada polas plantacións de eucaliptos e piñeiros nas partes altas e os usos agropecuarios no val. A propia topografía do val e a presión dos citados usos diminúe a presenza dos bosques de ribeira, HIC 91E0, Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) a unha liña discontinua e de escaso desenvolvemento.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos forestais de plantacións de eucaliptos e piñeiros nas partes altas combínanse cos usos agropecuarios en minifundio do val, asociados ás edificacións dispersas linealmente ao longo das estradas. Os cultivos tradicionais con vides e froiteiras alternanse con áreas puntuais de ribeira, e ocupan a zona norte; mentres que o arborado de repoboación faise significativo na parte sur, coincidindo cos terreos máis elevados e despoboados da unidade.

MORFOLOXÍA

Esta unidade caracterízase pola presenza de núcleos rurais tradicionais salpicados de edificacións modernas erixidas máis como vivendas de segunda residencia que como un crecemento natural destes núcleos, que quedaron reducidos a pequenos franxas próximas ás estradas no interior.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As principais vías de comunicación son a vía rápida VRG-41 e unha estrada provincial. A primeira cruza a unidade polo extremo leste, mentres que a estrada provincial EP-9208 conecta os asentamentos tradicionais e articula as comunicacións interiores da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os cruceiros de Soutullo e Montefaro son os únicos elementos patrimoniais de interese na unidade. Cabe mencionar tan só, a mámoa de Montefaro, situada no máis alto da elevación montañosa situada no extremo leste da unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter predominante da unidade caracterízase por conservar o uso agrícola e forestal, aínda que existen algunhas vivendas unifamiliares illadas, con peor accesibilidade á rede viaria principal. Na zona máis elevada persisten as masas forestais, principalmente de eucaliptos e piñeiros.

DINÁMICA DA PAISAXE

A superficie destinada a uso forestal permanece invariable, mentres que as parcelas destinadas ao uso agrícola fóronse abandonando paulativamente para dar paso a edificacións unifamiliares e vivendas dispersas empregadas como segunda residencia, feito que desvinculou o carácter agrícola da zona coa poboación residente.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun área transformada na que a calidade paisaxística que adoita asociarse aos vales e o seu bosque de ribeira, foi minguada polas plantacións de eucaliptos e piñeiros nas partes altas e os usos agropecuarios no val. O interese céntrase no curso fluvial aunque a cuberta vexetal dos bosques de ribeira atópase totalmente transformada pola propia topografía do val e a presión dos citados usos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



